

A familia léxica

Todas as palabras formadas a partir dun mesmo lexema constitúen unha **familia léxica**. Fíxate:

palabra simple	palabras derivadas	palabra composta
cartos	carteira, carteirista	comecartos

4 Atopa a palabra intrusa de cada familia:

- a) comercio, comerciante, comenzar, comercial, comerciar.
- b) vender, vendaxe, compravenda, malvender, vendedor.

5 Agrupa as seguintes palabras en catro familias léxicas:

- a) vestimenta, vestiario, vestir, vestido, desvestir
- b) roupeiro, gardarroupa, roupa, roupaxe, arroupar
- c) camisa, descamisar, camisón, camiseta, camisola
- d) bota, botín, limpiabotas, botina

	a)	b)	c)	d)
simples	vestir
derivadas
compostas

6 Forma familias léxicas cos sufixos e prefixos que se indican:

	-or	-oría	super-	-eiro	hiper-
mercado					

Fíxate

En moitos dicionarios atoparás a familia léxica desa palabra:

moeda s.f. Peza de metal utilizada como medio de pago. FAM. Moedeiro, monetario, portamoedas.

XOGO COA LINGUA



1 Algunhas palabras parecen da mesma familia, pero non teñen nada que ver. Descubre os «falsos parentes» e corríxeos:

- | | |
|----------------------------------|-------------------------------------|
| – Un peixeiro vende peixe. | – O nadador non fai nada. |
| – A raíña é unha raia pequeniña. | – O leirón é unha leira moi grande. |
| – A gaiteira toca a gaita. | – A marsopa é sopa con auga de mar. |